



ENTREVISTA | XURXO MARIÑO ALFONSO

BIÓLOGO E DIVULGADOR DA CIENCIA. AUTOR DO LIBRO DE RELATOS «PO DE ESTRELAS»



Xurxo Mariño presentou o seu libro de relatos divulgativos no instituto Rosalía de Castro | XOÁN A. SOLER

«A ciencia sen misticismos é algo moi útil para todos»

O segredo deste autor é contar con rigor, humor e claridade fenómenos e avances de interese xeral

Concha Pino

SANTIAGO | A Xurxo Mariño Alfonso interésalle a ciencia como docente e como investigador en calidade de profesor de Bioloxía da Universidade da Coruña. Pero tamén a maneira de achegar o coñecemento científico aos demais. Por iso escribe uns relatos curtos no portal www.culturagalega.org, nunha sección que se chama *Os dados do reloxeiro*. Con ese título publicou no 2006 un libro no que reuniu os artigos que levaba publicados. E onte presentou outro volume cos que colgou no mesmo medio electrónico nos dous últimos anos, esta vez baixo o título *Po de estrelas*, co subtítulo *Novas receitas dos dados do reloxeiro*.

—¿Non hai máis novidades que as receitas novas?

—O libro ten o mesmo formato que o anterior, pero nesta colleita hai unha novidade como as infografías, que fixo expresamente Manuela Mariño, deseñadora gráfica de La Voz de Galicia; e outra é que as viñetas que ilustran os relatos desta volta son de Santy Gutierrez. No libro anterior o ilus-

trador fora Xosé Lois O Carraouxo. E os textos penso que están mellor, no sentido de que ao ir escribindo foron aparecendo cousas, rexistros, e están máis maduros que no volume anterior.

—¿Ten un guión establecido para os relatos que van sacando no portal do Consello da Cultura?

—Non. Xorden cando hai algo. Unhas veces son a propósito dalgunha nova científica ou dalgún feito. Á hora de recollelos no libro, tanto neste coma no anterior, agrúpanse en áreas sobre Astronomía e sistema solar, Planeta terra, sobre o ser humano no eido da bioloxía, sobre tecnoloxías e tamén de temas de bioloxía animal e de plantas.

—¿Por qué e necesario divulgar a ciencia?

—Porque é unha ferramenta útil para todo o mundo, e porque é fácil usala para tonterías que se nos din, coma os horóscopos, porque descoñecemos a verdade de cousas básicas da ciencia sen misticismos, e sen necesidade de ter formación científica. Paréceme

fundamental que as persoas teñamos que pensar por nos mesmos, sen crer o que nos digan os demais, ter capacidade crítica.

—¿O descoñecemento leva a falsas interpretacións?

—Claro. Algunhas preguntas poden sorprender simplemente porque nin se consideran por parecer algo obvio. O 10% das persoas non sabe dicir que é o sol. Está aí e punto, e non saben que pasa con el. Ou por que se sabe que hai vida na terra, no suposto de que nos observaran a moita distancia do planeta terra.

—¿Cal é a razón de que non se achegue este tipo de divulgación aos escolares?

—Algo se vai facendo, pero no hai moitos textos. Por iso Díaz Fierros pensou en presentar este libro no instituto Rosalía, e foi moi gratificante a resposta dos alumnos. O anterior tivo boa acollida entre moitos profesores, que me escribiron dicindo que lles axudaba nas clases. Tamén houbo rapaces que me comentaron o libro en correos electrónicos, e que me entrevistaron para xornais escolares.